



**IES Plurilingüe Pintor Colmeiro de Silleda**

# **Proxecto lingüístico**

## **Cursos 2018-22**

**[Inclúe addenda 2019]**

# Índice

---

<b>1.</b>	<b>Introdución</b> .....	<b>3</b>
<b>2.</b>	<b>Administración</b> .....	<b>4</b>
<b>3.</b>	<b>Plurilingüismo</b> .....	<b>5</b>
<b>4.</b>	<b>Erasmus+</b> .....	<b>6</b>
<b>5.</b>	<b>Proxecto lector</b> .....	<b>7</b>
<b>6.</b>	<b>Club de lectura</b> .....	<b>8</b>
<b>7.</b>	<b>Equipo de Dinamización Lingüística</b> .....	<b>9</b>
	7.1 Proxecto.....	9
	7.2 Actividades .....	10
<b>8.</b>	<b>Decisión sobre a lingua vehicular para a impartición das materias</b> .....	<b>11</b>
	8.1 ESO .....	12
	8.2 ESO Adultos .....	16
	8.3 Bacharelato.....	17
	8.4 Formación Profesional Básica.....	21
	8.5 Ciclos.....	22
<b>9.</b>	<b>Situación sociolingüística da comunidade educativa e do contexto social</b> .....	<b>24</b>
	9.1 Sociedade.....	24
	9.1.1 Persoas que saben falar galego .....	26
	9.1.2 Persoas segundo o grao de entendemento do galego escrito.....	26
	9.1.3 Persoas que saben escribir en galego.....	26
	9.1.4 O uso oral do galego na Pontevedra nororiental .....	27
	9.1.5 O uso escrito do galego na Pontevedra nororiental .....	27
	9.1.6 Porcentaxes de uso das linguas oficiais segundo a lingua inicial .....	27
	9.1.7 Porcentaxes de uso segundo a lingua que lles falaban os seus pais cando eran nenos.....	27
	9.1.8 Porcentaxe de uso segundo a lingua que lles falaban os seus avós cando eran nenos .....	28
	9.1.9 Porcentaxe de fogares nos que todos os seus membros de 5 ou máis anos falan habitualmente en galego.....	28
	9.1.10 Porcentaxe de fogares nos que ningún dos seus membros de 5 ou máis anos falan habitualmente só galego.....	28
	9.2 Alumnado.....	29
	9.3 Profesorado .....	29
<b>10.</b>	<b>Medidas adoptadas para a adquisición das competencias lingüísticas</b> .....	<b>30</b>
	10.1 Medidas tomadas na ESO .....	30
	10.2 Procedementos adoptados na FP e na ESO de Adultos .....	30

# 1. Introducción

Este Proxecto lingüístico parte do acordo tomado no claustro do 23 de marzo de 2018 segundo o cal se decidiu redactar un novo plan de actuación a partir do estudo da realidade do instituto con respecto ao ámbito da competencia lingüística, contando coa participación do persoal docente interesado e tendo como meta a proposta de accións de mellora.

Segundo o establecido no artigo 14º do Decreto 79/2010 do 20 de maio (DOG do 25 de maio), o Proxecto lingüístico de centro elaborárase cada catro cursos escolares e nel faranse constar as seguintes cuestións:

1. A decisión do centro respecto da lingua en que se impartirán as materias.
2. As medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.
3. Os procedementos que aseguren que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais na formación profesional específica e na ensinanza de persoas adultas.
4. Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.

Este proxecto lingüístico será redactado por unha comisión do profesorado do instituto, nomeada polo equipo directivo e oída a comisión de coordinación pedagóxica. Formarán parte dela, como mínimo, os xefes/as dos departamentos de linguas e a coordinadora do equipo de dinamización da lingua galega. Finalmente o proxecto será avaliado e aprobado polo consello escolar.

Unha vez aprobado, este proxecto remitiráselles cada catro cursos aos servizos da inspección educativa e cada ano elaborárase unha *addenda* do proxecto lingüístico na cal deberán constar os aspectos a seguir:

1. Información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación cando haxa unha modificación na impartición de materias en linguas estranxeiras.
2. Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.

O artigo 5º dese mesmo decreto establece que cada centro educativo deberá facer constar no seu proxecto lingüístico “as actividades e estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais”.

Respecto da potenciación da lingua galega nos centros educativos, o artigo 11º estipula que a consellería competente en materia de educación “establecerá un programa regular de actividades de fomento da lingua en cada centro educativo, no marco do seu proxecto lingüístico e coa participación de toda a comunidade educativa, con especial atención ás liñas de actuación que permitan un incremento no uso do galego nas actividades extraescolares e complementarias”.

## 2. Administración

O artigo 3º do Decreto 79/2010 do 20 de maio (DOG do 25 de maio) sobre o uso do galego na administración educativa establece que “nos centros de ensino sostidos con fondos públicos utilizarase, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarase o seu uso oral e escrito, tanto nas relacións mutuas e internas como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas”.

Deste xeito no traballo administrativo do instituto utilízase a lingua galega nas convocatorias e nas actas así como nos anuncios e nas relacións exteriores co concello, os medios de comunicación e outras institucións galegas. Utilízase tamén o galego na documentación entregada ao alumnado e ás familias, tanto na comunicación de cualificacións como na redacción de certificacións académicas e outros documentos, a non ser que se requira o uso do castelán por circunstancias particulares da solicitude. Nas comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado radicados fóra da comunidade autónoma utilízase o castelán.

Tal como establece o decreto anteriormente citado, alén dos “procedementos iniciados de oficio, tamén se usará o galego nos procedementos tramitados por petición dos interesados, sen prexuízo do establecido no artigo 36.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común”.

Polo que se refire ás programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua estes redáctanse, con carácter xeral, na lingua respectiva tal como establece ese mesmo decreto. Seguindo esa estipulación as programacións e as memorias dos departamentos fanse en galego, a excepción dalgún caso como o de lingua castelá, que se redacta nese idioma.

### 3.Plurilingüismo

O IES Pintor Colmeiro foi autorizado pola Consellería de Educación como centro plurilingüe a partir do curso 2016-17 por medio da Orde do 16 de setembro de 2016 (DOG do 3 de novembro). O instituto incorporouse á rede de centros plurilingües impartindo a materia de Educación Física de 1º da ESO en inglés. Segundo o artigo 21º do Decreto 79/2010, “a administración educativa fomentará a impartición de materias en linguas estranxeiras, principalmente en inglés, co obxectivo de que, de maneira progresiva e voluntaria, os centros educativos poidan chegar a ofrecer ata un máximo dun terzo do seu horario lectivo semanal en linguas estranxeiras”.

A partir do curso 2018-19 a persoa auxiliar de conversa vai pasar de 12 a 16 horas de clase, con dúas horas de coordinación ademais deses períodos, e aumentará un mes o período de permanencia no instituto respecto dos auxiliares anteriores, incorporándose a mediados de setembro e rematando a mediados de xuño. As horas de permanencia no instituto poderán distribuírse en catro días por semana, deixando libre o luns ou o venres dentro da estrutura organizativa do centro. Estes auxiliares de conversa chegarán a través do Fulbright Student Program dos EUA. Entre as funcións dos auxiliares de conversa deste programa podemos sinalar as seguintes:

- Tarefas de apoio na aula acompañando o profesorado da materia.
- Apoio na preparación de proxectos baixo a dirección do instituto.
- Apoio ao profesorado en todo o relativo á lingua inglesa.
- Desenvolvemento de programas extracurriculares.
- Participación nas actividades complementarias e extraescolares.

As materias plurilingües que se imparten no 2019/20 son as seguintes:

<b>Curso</b>	<b>Ensinanza</b>	<b>Lingua</b>	<b>Materia</b>
1º	ESO	Inglés	Educación física
2º	ESO	Inglés	Tecnoloxía
3º	ESO	Inglés	Música
4º	ESO	Inglés	Tecnoloxías da información e a comunicación

## 4. Erasmus+

A Comisión Europea concedeu ao IES Pintor Colmeiro unha Carta Erasmus de Educación Superior para o período 2014-2020, que posibilita a participación en mobilidades de estudantes e persoal con fins de educación ou formación baseadas en acordos validados por institucións ou empresas, a través da acción KA 103 do programa europeo de Educación Superior. Entre os compromisos asumidos ao participar neste tipo de actividades internacionais previos á súa realización está “asegurarse de que os participantes saíntes estean ben preparados para a mobilidade, incluíndo a competencia lingüística no nivel que sexa necesario”.

O instituto participa tamén no Proxecto Practicum Depo que se lle concedeu á Deputación de Pontevedra dentro da convocatoria do programa Erasmus+, incluído dentro da acción clave 1 "Mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe" e, en concreto, para "Proxectos de mobilidade para beneficiarios/as de ensinanzas de Formación Profesional".

O alumnado que se inscribe neste proxecto cursa estudos de ciclos de comercio ou deportes no instituto e a través del realiza a súa formación en centros de traballo (FCT) en empresas doutros países. A empresa de acollida pode establecer un nivel mínimo de lingua para incorporar o alumnado en prácticas. Hai que sinalar que un coñecemento básico é necesario para poder desenvolverse no traballo diario. Por outro lado, o alumnado participante deberá realizar unha avaliación en liña da súa competencia lingüística (ao inicio e ao final do período de mobilidade), se a lingua principal de ensinanza ou de traballo é alemán, francés, inglés ou italiano, ou cando así se acorde, salvo que sexa nativo da lingua en cuestión. Este programa ofrécelles apoio lingüístico aos participantes mediante a ferramenta en liña Online Linguistic Support (OLS), dispoñible en alemán, francés, inglés, italiano e neerlandés.

O apoio lingüístico en liña abarca dúas facetas: a avaliación das competencias lingüísticas (ao inicio e ao final da mobilidade), mediante un test en liña de carácter obrigatorio e a posibilidade de seguir formándose mediante a plataforma durante a mobilidade. O uso desta ferramenta non ten ningún custo para os participantes. O curso en liña de preparación lingüística pode realizarse na lingua oficial do país de destino ou de traballo dos participantes.

Polo que se refire ao profesorado hai que sinalar que este tamén participou nos programas de mobilidade a través da acción KA107 para a realización de períodos de observación profesional (*job shadowing*) noutros países. Esta técnica de aprendizaxe por observación implica pasar un breve período de tempo cun profesional nun posto para observalo e seguilo durante o seu traballo diario.

## 5. Proxecto lector

Segundo os datos publicados pola Consellería de Educación, os resultados do Programme for International Student Assessment (PISA) correspondentes ao ano 2015 “confirman a mellora continuada do alumnado galego en competencia lectora, cunha puntuación media de 509 puntos (desde os 479 en 2006), que supera as puntuacións medias dos países da OCDE (493) e da UE (494), 13 puntos por riba tamén da media estatal (496)”. De acordo coa interpretación feita pola administración educativa, “esta tendencia de mellora é froito, entre outras variables, do esforzo realizado no ámbito das bibliotecas escolares e da promoción da lectura. Responde tamén ao empeño das comunidades educativas por facer destas bibliotecas espazos educativos privilexiados para unha formación integral do alumnado, que contribúan á adquisición de competencias clave na sociedade da información”.

Dentro das liñas prioritarias de actuación da biblioteca do instituto cada curso inclúense unhas achegas ao Proxecto lector de centro. Neste sentido os departamentos didácticos, coordinados pola biblioteca, engaden ao mesmo unhas contribucións en que figuran todas aquelas medidas que puidesen mellorar a comprensión lectora e a lectoescritura. A biblioteca conta cunha persoa dinamizadora e un equipo de docentes que colabora nas actividades de fomento da lectura cada curso.

A biblioteca actualiza de xeito periódico o punto de lectura informal situado no vestíbulo do instituto con novos materiais en varios soportes. Ademais xestiona as bibliotecas de aula, que contan coa colaboración de titores e profesorado voluntario para poder atendelas. Tamén reforza a hora de lectura nas horas de garda en que o profesorado non deixa tarefas preparadas, utilizando a pizarra dixital ou os libros das bibliotecas de aula.

Para levar a cabo o desenvolvemento do Proxecto lector de centro a biblioteca organiza e dinamiza actividades actuando como un centro de recursos para a lectura, a información e a aprendizaxe. Deste xeito, o carácter dinámico da biblioteca escolar pode contribuír á innovación pedagóxica e á vida cultural dos institutos, facilitando ao profesorado e ao alumnado o emprego de diversos recursos que permiten unha progresiva autonomía na aprendizaxe. Alén diso, a biblioteca axuda á integración das tecnoloxías da comunicación e permite o acceso igualitario aos bens culturais. Finalmente, as seccións do Club de lectura están recollidas como actividades de fomento da lectura no Proxecto lector de centro.

Respecto do Plan anual de lectura podemos mencionar os seguintes obxectivos:

1. Desenvolver a competencia lectora do alumnado como proceso asociado á aprendizaxe, á comunicación oral e escrita e ao desenvolvemento persoal e social.
2. Fomentar a lectura e a escritura como actividades integradas nos hábitos de vida.
3. Formar lectores competentes capaces de adoptaren actitudes reflexivas e críticas ante os medios de transmisión e difusión da cultura escrita.
4. Promover o funcionamento da biblioteca escolar como un centro de recursos para a aprendizaxe de toda a comunidade educativa.
5. Orientar ao profesorado para dar prioridade ao desenvolvemento das actividades de lectoescritura e de investigación en todas e cada una das áreas e para que participe de forma activa nos distintos contidos do plan.

## 6. Club de lectura

Segundo os datos da Consellería de Educación arredor de 12.000 lectores e lectoras participan nos 231 centros educativos que contan con club de lectura. Ademais a administración educativa puxo en marcha o Plan LÍA 2016-20, que ten como obxectivos conseguir melloras significativas na comprensión lectora, apoiar a adquisición das competencias clave, facilitar ao profesorado recursos e servizos e incentivar o uso das bibliotecas escolares.

O instituto constitúe cada curso un club de lectura subdividido en varias seccións de acordo co establecido na convocatoria anual da Consellería de Educación. Estas seccións están incluídas como actividades de fomento da lectura na Programación anual da biblioteca e no Proxecto lector de centro. A finalidade deste club é o fomento do hábito de lectura entre o alumnado e contribuír á creación dun ambiente proclive á experiencia lectora dentro da comunidade educativa.

O club de lectura conta cunha persoa responsable que presenta a solicitude e coordina as seccións e as actividades ao longo do curso. Ademais, en colaboración co profesorado participante, elabora os horarios e o calendario das reunións presenciais, que deben facerse sempre en horario extraescolar segundo establece a convocatoria anual. A persoa coordinadora, xunto co profesorado colaborador, deberá especificar tamén as finalidades do club, a composición e o número de persoas e grupos participantes, as actividades programadas, as formas de organización e funcionamento previstas, así como os medios que se utilizarán para a súa difusión.

As diferentes seccións do club de lectura renóvanse cada curso na súa traxectoria co obxectivo de que todos os seus membros, especialmente o alumnado que forma parte delas, poida afeccionarse á lectura e intercambiar experiencias sobre esta actividade. A finalidade das xuntanzas de cada sección é compartir todo canto suscita nos alumnos e alumnas a lectura dun texto literario e, simultaneamente, ampliar os seus coñecementos e a súa competencia comunicativa, así como propiciar o acceso a outras realidades, culturas e formas de entender o mundo. Alén diso, os clubs son enclaves privilexiados dentro do sistema educativo, dado que permiten unha comunicación máis fluída entre todos –profesorado e alumnado-, comunicación na que teñen cabida as emocións, o humor e a transversalidade.

Entre as características que fomentan a motivación do alumnado a través dos clubs de lectura podemos citar a posibilidade de comunicarse cos seus iguais e a oportunidade de compartir gustos e opinións sobre as lecturas realizadas.

Dentro da oferta de lecturas das seccións do club podemos citar as seguintes: os xéneros de medo, misterio e aventuras, a literatura fantástica, os álbums ilustrados, así como as lecturas sobre comercio, márketing e publicidade no caso do alumnado da formación profesional.



## **7. Equipo de Dinamización Lingüística**

O Decreto 79/2010, nas súa disposición transitoria primeira, estableceu o cambio de denominación dos equipos de normalización e dinamización lingüística:

Os «equipos de normalización e dinamización lingüística» dos centros educativos, creados ao abeiro do artigo 18 do Decreto 124/2007, pasan a denominarse «equipos de dinamización da lingua galega».

O artigo 15º do mesmo decreto establece as normas para a súa constitución. O equipo ten como finalidade potenciar o uso da lingua galega, é nomeado e supervisado pola dirección e está formado polo seu coordinador ou coordinadora, por profesorado, por representantes do alumnado (no ensino secundario) e por persoal non docente.

A formación do equipo establécese nos regulamentos orgánicos dos centros educativos e na súa constitución tenderase a unha composición equilibrada de mulleres e homes.

O papel dos equipos é o deseño, a posta en práctica e a revisión dos programas de promoción da lingua galega nos centros educativos. Para este fin contarán co apoio técnico necesario e os centros educativos terán a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística coordinará o seu labor e divulgará as experiencias positivas desenvolvidas nos centros educativos.

Así mesmo a disposición adicional cuarta establece os dereitos da coordinación dos equipos de dinamización da lingua galega nos seguintes termos:

O coordinador ou coordinadora do equipo de dinamización da lingua galega terá os mesmos dereitos administrativos e económicos cás xefaturas dos departamentos didácticos.

### **7.1 Proxecto**

O equipo de dinamización da lingua galega presenta cada curso un proxecto de fomento do uso do galego de acordo coa convocatoria de axudas publicada cada ano pola Consellería de Educación.

Neste proxecto fíxanse as liñas xerais de actuación, faise unha descrición das actividades a levar a cabo, realízase unha avaliación da consecución dos obxectivos previstos e establécense unhas actuacións de mellora para vindeiros cursos.

Polo que se refire ás liñas xerais de actuación estas concréntanse no deseño de planos e accións normalizadores orientados a toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias e persoal non docente) e á contorna do centro, apostando polas liñas de colaboración con entidades locais que propician dinámicas positivas así como polo deseño de planos e accións encamiñados á sensibilización no uso do galego que detecten, neutralicen e muden as actitudes lingüísticas negativas cara ao galego por parte da comunidade educativa.

Respecto da descrición das actividades hai que sinalar que estas propóñense para grupos concretos, aínda que ás veces sofren variacións condicionadas polas necesidades do instituto ou por axustes no proceso educativo. Ademais a experiencia indica que ao longo do curso aparecen novas propostas dos diferentes membros da comunidade educativa ou das entidades e asociacións colaboradoras que se incorporan ao proxecto de dinamización lingüística anual.

## 7.2 Actividades

A comezos de cada curso, unha vez constituído o equipo de dinamización da lingua galega, a persoa coordinadora elabora, xunto cos membros que o integran, a lista de actividades a realizar, facendo constar a temporalización, as persoas responsables e destinatarias, o orzamento e o material necesarios. Deste xeito, cada curso establécense os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega, segundo o estipulado no Decreto 79/2010.

ACTIVIDADES DO EDL					
TÍTULO DA ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN	PERSOAS RESPONSABLES E DEPARTAMENTOS	PERSOAS DESTINATARIAS	ORZAMENTO	MATERIAL
Día de Rosalía	24 de febreiro	Nomes dos organizadores	Comunidade educativa	Cantidade necesaria para a actividade	Inventariable ou funxible

Entre as actividades programadas habitualmente cada curso polo equipo de dinamización da lingua galega podemos enumerar as seguintes:

1. Publicacións no blog
2. Uso das redes sociais
3. Mantemento do taboleiro
4. Titorías de normalización
5. Obradoiro de normalización
6. Coordinación comarcal
7. Entroido
8. Día de Rosalía
9. Homenaxes a escritores/as galegos/as
10. Nomeamento de aulas con placas conmemorativas
11. Asistencia a obras de teatro
12. Día das Letras Galegas.
13. Colaboración co club de lectura
14. Charlas sobre temas diversos
15. Correlingua
16. Concursos literarios
17. Subscricións a medios en galego
18. Colaboración co Departamento de Orientación

## 8. Decisión sobre a lingua vehicular para a impartición das materias

O Decreto 79/2010, no seu artigo 7º, estipula para a Educación secundaria obrigatoria a necesidade de garantir “a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia”. Respecto das materias de lingua establece que deberán impartirse na lingua de referencia, para enumerar a continuación aquelas que deberán darse en cada unha das linguas oficiais por decreto en todo o sistema educativo:

<b>GALEGO</b>	<b>CASTELÁN</b>
Ciencias sociais, xeografía e historia	Matemáticas
Ciencias da natureza	Tecnoloxías
Bioloxía e xeoloxía	Física e química

Por tanto, polo que se refire a estas materias non se precisa tomar ningunha decisión respecto da lingua vehicular en que se imparten. É sobre as demais materias non lingüísticas sobre as que cada centro educativo debe facer cada catro anos un reparto equitativo entre as dúas linguas oficiais, “garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais”.

Polo que se refire ao Bacharelato, o artigo 8º indica que “cada centro educativo establecerá unha oferta equilibrada na mesma porcentaxe de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego e en castelán”, tamén cada catro cursos.

Finalmente, hai que ter en conta a incorporación do instituto á Rede de Centros Plurilingües de Galicia, a partir do establecido na orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de admisión.

## 8.1 ESO

### 1º da ESO

Materias asignadas polo Decreto 79/2010:

GALEGO		CASTELÁN		LINGUAS ESTRANXEIRAS	
Lingua Galega	4	Lingua Castelá	4	1ª Lingua Estr. (Inglés)	3
Bioloxía e Xeoloxía	4	Matemáticas	5	2ª Ling. Estr. (Francés)	*2
Xeografía e Historia	3				
<b>Total</b>	<b>11</b>	<b>Total</b>	<b>9</b>	<b>Total</b>	<b>5</b> <b>*3</b>

Asignadas 25 horas por decreto, repártense 7 ata completar 32 horas semanais:

GALEGO		CASTELÁN		LINGUAS ESTRANXEIRAS	
Expresión Oral	2	Educación Plástica	2	Educación Física	2
Relixión Católica	*1	Reforzo Alumnado Exento de Francés	*2	(Orde 12-05-2011	
Titoría	1	Valores Éticos	*1	Centros plurilingües)	
<b>Total</b>	<b>3</b> <b>*4</b>	<b>Total</b>	<b>2</b> <b>*3</b> <b>*4</b>	<b>Total</b>	<b>2</b>

Neste nivel impártense 14/15 horas en galego, 11/12/13 en castelán e 5/7 en linguas estranxeiras, dependendo das materias que teña cada alumno/a.

## 2º da ESO

Materias asignadas polo Decreto 79/2010:

GALEGO		CASTELÁN		LINGUAS ESTRANXEIRAS	
Lingua Galega	3	Lingua Castelá	3	1ª Lingua Estr. (Inglés)	3
Xeografía e Historia	3	Matemáticas	5	2ª Ling. Estr. (Francés)	*2
		Física e Química	3		
<b>Total</b>	<b>6</b>	<b>Total</b>	<b>11</b>	<b>Total</b>	<b>5</b> <b>*3</b>

Asignadas 22 horas por decreto, repártense 10 ata completar 32 horas semanais:

GALEGO		CASTELÁN		LINGUAS ESTRANXEIRAS	
Expresión Oral	1	Educación Física	2		
Relixión Católica	*1	Música	2	Tecnoloxía	3
Valores Éticos	*1			(Orde 12-05-2011	
Titoría	1			Centros plurilingües)	
Reforzo Alumnado					
Exento de Francés	*2				
Programación	1				
<b>Total</b>	<b>*7</b>	<b>Total</b>	<b>4</b>	<b>Total</b>	<b>3</b>

Neste nivel impártense 9/11 horas en galego, 15 en castelán e 5/8 en linguas estranxeiras, dependendo das materias que teña cada alumno/a.

No PMAR de 2º da ESO a asignación de linguas por materia é a seguinte:

Ámbito científico e matemático (8h-cast.)

Ámbito lingüístico social (9h-gal.> pero inclúe horas de castelán)

Ámbito de linguas estranxeiras (3h-ingl.)

### 3º da ESO

Materias asignadas polo Decreto 79/2010:

GALEGO		CASTELÁN		LINGUAS ESTRANXEIRAS	
Lingua Galega	3	Lingua Castelá	3	1ª Lingua Estr. (Inglés)	3
Xeografía e Historia	3	Matemáticas	4	2ª Ling. Estr. (Francés)	*2
Bioloxía e Xeoloxía	2	Física e Química	2		
		Tecnoloxía	2		
<b>Total</b>	<b>8</b>	<b>Total</b>	<b>11</b>	<b>Total</b>	<b>5</b> <b>*3</b>

Asignadas 25 horas por decreto, repártense 7 ata completar 32 horas semanais:

GALEGO		CASTELÁN		LINGUAS ESTRANXEIRAS	
Relixión Católica	*1	Educación Plástica	2	Música	2
Valores Éticos	*1	Educación Física	2	(Orde 12-05-2011	
Titoría	1	Cultura Clásica	*2	Centros plurilingües)	
<b>Total</b>	<b>2</b>	<b>Total</b>	<b>4</b> <b>*6</b>		<b>2</b>

#### 4º da ESO

Materias asignadas polo Decreto 79/2010:

GALEGO		CASTELÁN		LINGUAS ESTRANXEIRAS	
Lingua Galega	3	Lingua Castelá	3	1ª Lingua Estr. (Inglés)	3
Xeografía e Historia	3	Matemáticas	4	2ª Ling. Estr. (Francés)	*3
Bioloxía e Xeoloxía	*3	Física e Química	*3		
		TIC	*3		
<b>Total</b>	<b>6</b>	<b>Total</b>	<b>7</b>		<b>3</b>
	<b>*9</b>		<b>*10</b>		<b>*6</b>
			<b>*13</b>		

Asignadas 25 horas por decreto, repártense 7 ata completar 32 horas semanais:

GALEGO		CASTELÁN		LINGUAS ESTRANXEIRAS	
Ciencias Act. Profesi.	*3	Educación Plástica	*3	TIC	*3
Titoría	1	Economía	*3	(Orde 12-05-2011 Centros plurilingües)	
Música	*3	Educación Física	2		
Relixión Católica	*1	Iniciaci. Activ. Empre.	*3		
Valores Éticos	*1				
Cultura Científica	*3				
Latín	*3				
<b>Total</b>	<b>1</b>	<b>Total</b>	<b>2</b>		
	<b>*13</b>		<b>*9</b>		<b>*3</b>

O número de materias optativas fai difícil que se poida asegurar que todo o alumnado poida ter exactamente o mesmo número de horas impartidas en galego e en castelán, debido ao feito de poderen elixir libremente entre diferentes materias ofertadas en cada unha das dúas linguas oficiais.

## 8.2 ESO Adultos

O artigo 10º do Decreto 79/2010 establece para os niveis de ensinanzas de persoas adultas que “cada centro educativo garantirá que o desenvolvemento das ensinanzas asegure que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais”. Alén diso indica que “a consellería competente en materia de educación establecerá un plan específico destinado á nova poboación inmigrante que se está a asentando en Galicia, que prevexa formación lingüística, coñecementos históricos e socioculturais”.

A asignación de linguas por materia no ensino de adultos é a seguinte:

Módulos M3 e M4 – 1º e 2º Cuadrimestres

GALEGO		CASTELÁN		LINGUAS ESTRANXEIRAS	
Ámbito Comunicación	3	Ámbito Comunicación	3	Ámb. Comunic. (Inglés)	1
Ámbito Social	4	Ámb. Cient. Tecnol.	8		
Titoría	1				
<b>Total</b>	<b>8</b>	<b>Total</b>	<b>11</b>	<b>Total</b>	<b>1</b>

Neste nivel impártense 8 horas en galego, 11 en castelán e 1 en linguas estranxeiras.

EBI Adultos Nivel I

GALEGO		CASTELÁN	
Ámbito da Comunicación	5	Ámb. da Compet. Matemática	4
Ámbito da Ciencia, Socied., Tecnol...	2	Titoría	1
<b>Total</b>	<b>7</b>	<b>Total</b>	<b>5</b>

Neste nivel impártense 7 horas en galego e 5 en castelán.



## 8.3 Bacharelato

O artigo 8º do Decreto 79/2010 establece para o Bacharelato que “cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada na mesma porcentaxe de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego e en castelán”. Ademais disto, sinala que “este proceso realizarase cada catro cursos escolares”.

### 1º de BAC – Ciencias

Materias obrigatorias asignadas polo Decreto 79/2010:

GALEGO		CASTELÁN		LINGUAS ESTRANXEIRAS	
Lingua Galega	3	Lingua Castelá	3	1ª Lingua Estr. (Inglés)	3
<b>Total</b>	<b>3</b>	<b>Total</b>	<b>3</b>	<b>Total</b>	<b>3</b>

Asignadas 9 horas por decreto, repártense 23 ata completar 32 horas semanais:

	GALEGO	CASTELÁN
Obrigatorias (troncais e específica obligatoria)	Filosofía (3h) Matemáticas I (4h)	Educación Física (2h)
Troncais de opción (2 materias de 4 horas)	Bioloxía e Xeoloxía (4h)	Física e Química (4h) Debuxo Técnico (4h)
Específicas de opción (2 ou 3 materias cun total de 6 horas) e de libre configuración autonómica	Linguaxe e Práct. Musical (3h) Debuxo Artístico (3h)  Relixión Católica (1h)	Tecnoloxía Industrial (3h) TIC (2h)

Lingua Portuguesa I (Portugués) (1h)

2ª Lingua Estranxeira (Francés) (2h)

## 1º de BAC – Humanidades e Ciencias Sociais

Materias obrigatorias asignadas polo Decreto 79/2010:

GALEGO		CASTELÁN		LINGUAS ESTRANXEIRAS	
Lingua Galega	3	Lingua Castelá	3	1ª Lingua Estr. (Inglés)	3
<b>Total</b>	<b>3</b>	<b>Total</b>	<b>3</b>	<b>Total</b>	<b>3</b>

Asignadas 9 horas por decreto, repártense 23 ata completar 32 horas semanais:

	GALEGO	CASTELÁN
Obrigatorias (troncais e específica obrigatoria)	Filosofía (3h) Latín I (4h)	Educación Física (2h) Matemáticas Aplicadas I (4h)
Troncais de opción (2 materias de 4 horas)	Historia (4h)	Economía (4h)
Específicas de opción (2 ou 3 materias cun total de 6 horas) e de libre configuración autonómica	Linguaxe e Práct. Musical (3h) Debuxo Artístico (3h)  Relixión Católica (1h)	TIC (2h)

**Lingua Portuguesa I (Portugués) (1h)**  
**2ª Lingua Estranxeira (Francés) (2h)**

## 2º de BAC – Ciencias

Materias obrigatorias asignadas polo Decreto 79/2010:

GALEGO		CASTELÁN		LINGUAS ESTRANXEIRAS	
Lingua Galega	3	Lingua Castelá	3	1ª Lingua Estr. (Inglés)	3
<b>Total</b>	<b>3</b>	<b>Total</b>	<b>3</b>	<b>Total</b>	<b>3</b>

Asignadas 9 horas por decreto, repártense 23 ata completar 32 horas semanais:

	GALEGO	CASTELÁN
Obrigatorias (troncais e específica obligatoria)	Matemáticas II (4h)	Historia (3h)
Troncais de opción (2 materias de 4 horas)	Bioloxía (4h)	Física (4h) Química (4h) Debuxo Técnico (4h)
Específicas de opción (2 ou 3 materias cun total de 6 horas) e de libre configuración autonómica	Relixión Católica (1h) Imaxe e son (3h) Deb Artístico II (3h)  Actividade física e saúde (1h)	Tecnoloxía Industrial II (3h) Fund. Ad. Xest (3 h) Psicoloxía (3h)

**Lingua Portuguesa II (Port.) (1h)**  
**2ª Lingua Estranxeira (Francés) (3h)**

## 2º de BAC – Humanidades e Ciencias Sociais

Materias obrigatorias asignadas polo Decreto 79/2010:

GALEGO		CASTELÁN		LINGUAS ESTRANXEIRAS	
Lingua Galega	3	Lingua Castelá	3	1ª Lingua Estr. (Inglés)	3
<b>Total</b>	<b>3</b>	<b>Total</b>	<b>3</b>	<b>Total</b>	<b>3</b>

Asignadas 9 horas por decreto, repártense 23 ata completar 32 horas semanais:

	GALEGO	CASTELÁN
Obrigatorias (troncais e específica obrigatoria)	Filosofía (4h)	Historia (3h) Latín (4h) Matemáticas Aplicadas (4h)
Troncais de opción (2 materias de 4 horas)	Arte (4h)	Economía (4h)
Específicas de opción (2 ou 3 materias cun total de 6 horas) e de libre configuración autonómica	Relixión Católica (1h) Imaxe e son (3h) Deb Artístico II (3h) Actividade física e saúde (1h)	Fund. Ad. Xest (3 h) Psicoloxía (3h)

**Lingua Portuguesa II (Port.) (2h)**

**2ª Lingua Estranxeira (Francés) (3h)**

## 8.4 Formación Profesional Básica

O artigo 9º do Decreto 79/2010 establece para os niveis de formación profesional específica que “cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada de materias e módulos en galego e en castelán que garanta que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais”. Alén diso, sinala que “en todos os módulos garantirase que o alumnado coñeza o vocabulario específico nas dúas linguas oficiais”.

A asignación de linguas por materia na FPB de Servizos comerciais é a seguinte:

### 1º Servizos comerciais

GALEGO		CASTELÁN		LINGUAS ESTRANXEIRAS	
Ciencias aplicadas I	6	Comunic. e Socied.	6	Comun. e Soc. (Inglés)	1
Operac. Almacenaxe	5	Técnic. Merchandising	6		
Trat. Informático Datos	7				
Titoría	1				
<b>Total</b>	<b>19</b>	<b>Total</b>	<b>12</b>	<b>Total</b>	<b>1</b>

### 2º Servizos comerciais

GALEGO		CASTELÁN		LINGUAS ESTRANXEIRAS	
Comunic. e Socied.	4			Comun. e Soc. (Inglés)	2
Ofimática	10	Ciencias Aplicadas	7		
Clientela	3	Pedidos e vendas	5		
		Titoría	1		
<b>Total</b>	<b>17</b>	<b>Total</b>	<b>13</b>	<b>Total</b>	<b>2</b>

## 8.5 Ciclos

O artigo 9º do Decreto 79/2010 dispón para a formación profesional específica e as ensinanzas deportivas, tanto de grao medio como superior, que cada instituto establecerá “unha oferta equilibrada de materias e módulos en galego e en castelán que garanta que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais”. Ademais, estipula que en todos os módulos deberá “garantirse que o alumnado coñeza o vocabulario específico nas dúas linguas oficiais”.

### 1º Condución de actividades físico-deportivas

GALEGO		CASTELÁN	
Conduc. Grupos Cabalo	8	Actividades Físicas Persoas Discapac.	2
Despraz. Estancia Seguridade	9	Administr. Xest. Comercializ. Empresa	3
		Dinámica Grupos	3
		Formac. Orientac. Laboral	2
		Condución grupos bicicleta	6
		Fundament. Biolóx. Saúde Prim. Auxil.	3
<b>Total</b>	<b>17</b>	<b>Total</b>	<b>18</b>


## 2º Xestión de vendas e espazos comerciais

GALEGO		CASTELÁN	
Loxística Almacenam.	7	Escaparatismo	6
Loxística Aprovisiona.	6	Organ. Equip. Vendas	5
Téc. Venda Negoc.	6	Xest. Produt. Prom.	6
<b>Total</b>	<b>19</b>	<b>Total</b>	<b>17</b>

## 9. Situación sociolingüística da comunidade educativa e do contexto social

### 9.1 Sociedade

Segundo os datos do apartado “Coñecemento e uso do galego” da *Enquisa de condicións de vida das familias* do ano 2013 na área nororiental da provincia de Pontevedra, á que pertence o concello de Silleda, a porcentaxe de fogares nos que todos os seus membros de cinco ou máis anos falan habitualmente só galego ascendía ao 32,1%.





Segundo os datos desa mesma enquisa, o alumnado de 5 a 16 anos recibe as clases maioritariamente en galego e en castelán.


**Persoas que estudan en Galicia segundo a lingua na que reciben as clases e a idade. Ano 2013**  
Porcentaxes

	De 5 a 16 anos	De 17 ou máis anos	Total
Todas en galego	1,64	2,97	2,15
Maioritariamente en galego	51,02	32,04	43,70
Maioritariamente en castelan	46,11	58,97	51,08
Todas en castelán	1,23	6,02	3,08
Total	100,00	100,00	100,00

Fonte: IGE (descarga da táboa)

Nota: Os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos que recibe ensino regrado na actualidade en Galicia. Non se inclúe "Outras situacións" ("Galego/castelán e outras linguas" e "Outras linguas/linguaxe de signos") por falta de tamaño de mostra. Non se inclúen as clases de idiomas

**Persoas que estudan en Galicia segundo a lingua na que reciben as clases**  
Porcentaxes



Fonte: IGE (descarga da táboa)

### 9.1.1 Persoas que saben falar galego

A capacidade de falar en galego poden exercela ata un 92,66% da poboación. Os valores tanto da comprensión como da capacidade de falar en galego son mellores na área de Pontevedra nororiental que os referidos ao total de Galicia.

Persoas que saben falar galego				
Porcentaxe				
	Moito	Bastante	Pouco ou nada	Total
Pontevedra nororiental	74,72	17,94	7,34	100,00
Galicia	54,13	31,02	10,85	100,00

### 9.1.2 Persoas segundo o grao de entendemento do galego escrito

Sabemos que a carencia desta capacidade relaciónase habitualmente coa idade. Aqueles que declaran non entender, ou entender pouco, o galego escrito conforman un grupo que chega ao 14,82%; na súa maioría persoas que non recibiron formación en galego. Sería necesario establecer un protocolo de actuación para a integración daqueles outros que tampouco tiveron acceso ao ensino en galego na actualidade, como no caso do alumnado foráneo.

Persoas segundo o grao de entendemento do galego escrito				
Porcentaxe				
	Moito	Bastante	Pouco ou nada	Total
Pontevedra nororiental	56,81	21,36	14,82	100,00
Galicia	46,83	31,18	16,99	100,00

### 9.1.3 Persoas que saben escribir en galego

Normalmente cando pasamos do estudo do grao do entendemento da escrita á práctica activa da mesma, os valores caen. Así sucede que pasamos do 14,82% antes referido daqueles que non entenden a escrita en galego a un 37,46% dos que declaran non ser quen de escribilo, ou de facelo con moita dificultade. Tamén observamos que se nos outros epígrafes os datos ofrecían valores para a área de Pontevedra oriental claramente mellores con referencia aos totais, neste ítem dáse unha maior converxencia entre os dous grupos.

Persoas que saben escribir en galego					
Porcentaxe					
	Moito	Bastante	Pouco	Nada	Total
Pontevedra nororiental	33,62	28,91	22,00	15,46	100,00
Galicia	25,25	32,59	23,27	18,88	100,00

### 9.1.4 O uso oral do galego na Pontevedra nororiental

Un 56,85%, máis da metade, declaraban falar sempre en galego. Se a estes lle sumásemos aqueles que falando tamén en castelán falan máis ben en galego, teríamos un total do 79,88% da poboación.

	Persoas segundo a lingua na que falan habitualmente				
	Porcentaxe				
	En galego sempre	Máis galego ca castelán	Máis castelán ca galego	En castelán sempre	Total
A Coruña	31,20	24,43	24,31	20,06	100,00
<b>Pontevedra nororiental</b>	<b>56,85</b>	<b>23,03</b>	<b>12,60</b>	<b>7,53</b>	<b>100,00</b>
<b>Galicia</b>	<b>30,29</b>	<b>26,73</b>	<b>22,70</b>	<b>20,28</b>	<b>100</b>

### 9.1.5 O uso escrito do galego na Pontevedra nororiental

A competencia non implica o uso. Un 33,62% declara saber escribir moi ben en galego e estaríamos a falar dun 62,53% se lle engadimos aqueles que o saben facer bastante ben. Pola contra o uso do galego escrito redúcese a un 19,48%.

	Persoas segundo a lingua na que escriben habitualmente		
	Porcentaxe		
	Galego	Castelán	Total
<b>Pontevedra nororiental</b>	<b>19,48</b>	<b>80,52</b>	<b>100,00</b>
<b>Galicia</b>	<b>15,29</b>	<b>84,71</b>	<b>100,00</b>

### 9.1.6 Porcentaxes de uso das linguas oficiais segundo a lingua inicial

Os datos desta táboa explicitan un aspecto fundamental para o futuro da lingua: a transmisión familiar. Neste caso dispáranse as diferenzas comparativas entre a media galega e a correspondente á área orientalista de Pontevedra

	Persoas segundo a lingua na que aprenderon a falar			
	Porcentaxe			
	Galego	Castelán	As dúas	Total
<b>Pontevedra nororiental</b>	<b>72,47</b>	<b>13,14</b>	<b>14,39</b>	<b>100,00</b>
<b>Galicia</b>	<b>48,52</b>	<b>27,76</b>	<b>23,71</b>	<b>100,00</b>

### 9.1.7 Porcentaxes de uso segundo a lingua que lles falaban os seus pais cando eran nenos

Na mesma liña podemos comentar estes datos, pois a aprendizaxe inicial faise nesta lingua.

	Persoas segundo a lingua que lles falaban os seus pais cando eran nenos	
	Porcentaxe	
	En galego sempre ou máis galego ca castelán	En castelán sempre ou máis castelán ca galego
<b>Área de Vigo</b>	<b>46,86</b>	<b>53,14</b>
<b>Pontevedra nororiental</b>	<b>83,19</b>	<b>16,81</b>
<b>Galicia</b>	<b>65,36</b>	<b>34,64</b>

### 9.1.8 Porcentaxe de uso segundo a lingua que lles falaban os seus avós cando eran nenos

Un dato positivo da zona de Pontevedra orientalista obtémolo ao comprobarmos que os datos da táboa anterior son moi semellantes á seguinte, na que se explicitan as porcentaxes da lingua en que lle falaban os avós cando eran nenos. Obsérvase unha diminución, pero moi leve, de menos dun 4%.

Persoas segundo a lingua que lles falaban os seus avós cando eran nenos		
	Porcentaxe	
	En galego sempre ou máis galego ca castelán	En castelán sempre ou máis castelán ca galego
Área de Vigo	56,13	43,87
Pontevedra nororiental	86,86	13,14

### 9.1.9 Porcentaxe de fogares nos que todos os seus membros de 5 ou máis anos falan habitualmente en galego

O dato problemático é o seguinte. Aínda que a un 83,19% da poboación da área orientalista de Pontevedra lles falaban sempre ou máis en galego, a porcentaxe redúcese á metade (42,15%) cando se pregunta pola lingua habitual de todos os membros da familia de 5 ou máis anos. Velaquí a fenda da transmisión do galego. Para situar mellor estes datos, apuntaremos que esta porcentaxe é das maiores que se dan en Galicia. No noso entorno podemos recoller cifras moi semellantes: Coruña oriental: 47'73%; Lugo oriental: 41'63%; Ourense sur (50'18%).

Fogares nos que todos os seus membros de 5 ou máis anos falan habitualmente en galego	
	Porcentaxe
Pontevedra nororiental	42,15
Galicia	21,7

### 9.1.10 Porcentaxe de fogares nos que ningún dos seus membros de 5 ou máis anos falan habitualmente só galego

Fogares nos que ningún dos seus membros de 5 ou máis anos falan habitualmente só galego	
	Porcentaxe
Pontevedra nororiental	29,03
Galicia	51,79

## 9.2 Alumnado

O alumnado do instituto está distribuído nos seguintes tipos de ensinanzas: ESO, agrupamentos de PMAR en 2º e 3º da ESO, Bacharelato, Ciclos Formativos (FP Básica de Servizos Comerciais, CM de Condución de Actividades Físico-Deportivas no Medio Natural e CS de Xestión de Vendas e Espazos Comerciais), ESO de Adultos dos Módulos 3 e 4 e Ensinanzas Básicas Inicias de Nivel 1.

O galego é a lingua habitual do alumnado na súa vida cotiá, tanto no seu ámbito escolar coma familiar. A competencia comunicativa en galego que traen da etapa anterior é, en xeral, boa. Os alumnos procedentes doutros países incorpóranse progresivamente á aprendizaxe do galego.

A área na que reside o noso alumnado é galegofalante. Isto significa ter gañados varios chanzos pois representan unha proporción pequena aqueles que carecen de práctica nas diversas competencias lingüísticas. Porén a ninguén se lle pode escapar que a consideración que o alumnado ten da lingua galega non está á altura das linguas hexemónicas.

A competencia en galego por parte do noso alumnado, especialmente na escrita, é moito mellor hoxe en día ca en décadas anteriores.

O galego é lingua de uso preferente na mocidade do concello. A maioría úsao e ten contacto co galego aínda que a porcentaxe de alumnado en 1º de ESO que usa o galego diariamente, descendeu. Teríamos que estudar os factores sociais que levan a este descenso nas xeracións máis novas e que está relacionado con factores de complexidade social.

A maioría usa e ten contacto decote co galego. Son raros os casos de manifestación de rexeitamento do uso da lingua. Habitualmente as iniciativas normalizadoras son ben recibidas pola maioría do alumnado.

## 9.3 Profesorado

O galego é a lingua habitual do profesorado, que ten, en xeral, un elevado nivel de capacitación para empregar o noso idioma na actividade docente. As actitudes cara á utilización do galego no ámbito educativo e as actitudes cara á normalización social do galego son, en xeral, positivas. O perfil sociolingüístico do profesorado é esencialmente galegofalante.

O profesorado está formado e familiarizado tanto cultural como curricularmente coa lingua galega e esta actitude medra ao estar o centro nun ambiente favorable ás iniciativas normalizadoras, unha liña que vén continuada dende anos atrás e a presenza do galego como materia específica e como lingua vehicular nunha parte do currículo percíbese como unha realidade consolidada.

## **10. Medidas adoptadas para a adquisición das competencias lingüísticas**

### **10.1 Medidas tomadas na ESO**

Tal como establece o Decreto 79/2010 o centro adopta cada curso unha serie de medidas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.

No caso da ESO estas medidas para o alumnado que presenta un dominio das linguas inferior ao propio do nivel consisten en reforzos e apoios educativos dentro da aula así como desdobramentos de grupos e clases de apoio do profesorado de Pedagogía Terapéutica, como sucede no caso do alumnado exento de cursar unha segunda lingua estranxeira. Tamén poden impartirse clases do programa PROA fóra do horario escolar de cada curso e grupo. Nos niveis de 2º e 3º da ESO o alumnado con dificultades nas linguas pode cursar estes niveis educativos no grupo do PMAR. Finalmente existe tamén a posibilidade de adoptar medidas para as materias lingüísticas da secundaria a través do programa de Formación Profesional Básica de Servizos Comerciais.

### **10.2 Procedementos adoptados na FP e na ESO de Adultos**

Segundo o estipulado no Decreto 79/2010 o centro adoptará unha serie de procedementos que aseguren que o alumnado de formación profesional específica e ensinanza de persoas adultas acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.

No caso do réxime de adultos, o profesorado que imparte clases nos módulos 3 e 4 da ESA adopta medidas de reforzo e atención individualizada no ámbito de comunicación para o alumnado con dificultades de aprendizaxe nas linguas.

Polo que se refire aos ciclos de formación profesional o profesorado correspondente adopta os procedementos necesarios para que o alumnado procedente de fóra de Galicia adquiera os coñecementos lingüísticos necesarios en cada un dos módulos profesionais que imparten.